

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/42/2020	GOB14I0LS
1G0L4Z41325G15481BQC	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MªDEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do tres de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, e con motivo do Estado de Alarma declarado para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e en virtude do acordo plenario adoptado na sesión do 26 de marzo de 2020 relativo á posibilidade de celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno deste Concello, celébrase coa asistencia efectiva da Sra. alcaldesa e dos Sres. Romero Franco e Pita Breijo e de xeito non presencial, por videoconferencia, coa dos/das demais concelleiros/as, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN..- (...)

PRIMEIRO: Outorgar a Al***to ***tínez Pi** (***** Q), licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar Sartaña – San Xiao (Ref. catastral 7204602NJ6270S0001MW), con suxeción as seguintes condicións:

- a) Axustarse en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 18/06/2018 e modificada segundo resolución do día 29/04/2019 (Exp.- 109/2017).
- b) Ademais, axustarse aos proxectos, ao certificado final de obra e anexos visados polo colexio oficial correspondente o día 28/09/2020, e demais documentación presentada aos efectos.

SEGUNDO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (PACES) DO CONCELLO DE NARÓN.-

O Director de Programas Europeos e Planificación Local, con data 25.11.2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código PLA14I072 que di:

“TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	PLA/3/2020: Subvención para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aprobación da conta xustificativa

Con data 24 de novembro de 2020 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código PLA14I070 que di:

“Con data 24.11.2020 o Director de Programas Europeos e Planificación Local elevou a esta Alcaldía o informe de código PLA14I06X que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	PLA/3/2020: Subvención para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobación da conta xustificativa

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de xuño de 2020, acordou a solicitude de subvención á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón, ao abeiro da *Orde de 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020*.

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a elaboración dos plans de accións para o clima e a enerxía sustentable (PACES), polo que, ao abeiro de dita orde resultan subvencionables as actuacións propostas na memoria para a elaboración do plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Narón.

O importe das actuacións ascende a 10.500,00 € (IVE incluído). O acollemento á mencionada convocatoria e de cara á obtención ao dereito á subvención, implica unha cofinanciación do FEDER do 80,00% (8.400,00 €), o que supón unha achega municipal de 2.100,00 €.



Con data do 4 de setembro de 2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda notificou a este Concello a resolución da axuda, segundo o seguinte cadro:

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA CONCEDIDO €
Axuda para a <i>asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable</i>	10.500,00 €	8.400,00 €

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega unha vez presentada e comprobada a documentación xustificativa do investimento realizado, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolucions da *Alcaldía*, do 25 de xuño de 2019, *sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local*. Nesta resolución, a *Alcaldía-Presidencia* delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a *solicitud de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso*.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento*.

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de xustificación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria a tempo de que expire o prazo outorgado na convocatoria para xustificar a mesma, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita xustificación e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva á *Alcaldía* a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de xustificación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

SEGUNDO: Aprobar a conta xustificativa da subvención para a *elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Narón*, nos seguintes termos:

“

1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a devandita subvención.
2. O gasto total soportado por esta entidade imputable á actuación subvencionada é o que corresponde á factura que consta no correspondente expediente e nos Servizos Económicos e se detalla na seguinte táboa:

Acredor	CIF/NIF	Nº factura	Data emisión	Concepto	Data de pagamento	Importe
EFICIENCIA ENERGÉTICA DE GALICIA SL	B70266010	Emit-1020030	03/11/2020	Servizo elaboración do PACES Narón	20/11/2020	10.500,00 €

”

Logo do traslado da proposta aos Servizos Económicos do Concello, estes tomaron razón segundo o documento adxunto de código ICO14I0HK.

Polo anteriormente exposto e en uso das atribucións conferidas, esta *Alcaldía*

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos do Concello.”

En cumprimento do establecido punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

”

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I0HT**, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4